



**BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL E ALUMNADO
TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO:
“REXENERA 2024”**

O Obradoiro de Emprego “REXENERA 2024” é un programa mixto de emprego e formación que vai dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración cofinanciado pola Unión Europea e promovido polo **Concello de Val do Dubra, xunto cos concellos de Negreira, A Baña e Santa Comba.**

As especialidades a impartir son as seguintes:

- LIMPEZA EN ESPAZOS ABERTOS E INSTALACIÓNS INDUSTRIAIS (SEAG0209)

12 alumnos/as.

- OPERACIÓNS AUXILIARES DE REVESTIMENTOS CONTINUOS EN CONSTRUCCIÓN (EOCB0109)

8 alumnos/as.

A distribución por concellos é a seguinte:

- Concello de Negreira: 5 alumnos/as
- Concello de Val do Dubra: 5 alumnos/as
- Concello da Baña: 5 alumnos/as
- Concello de Santa Comba: 5 alumnos/as

No caso de baixas ou renuncias do alumnado, procederase á súa substitución por alumnado suplente do mesmo concello e no caso de non existir distribuirase entre os concellos con máis habitantes.

No caso de producirse unha vacante, a entidade promotora poderá propoñer ao alumno-traballador da listaxe de reserva que obtivera maior puntuación. Con carácter xeral, esta substitución só se poderá realizar durante os tres primeiros meses de execución do proxecto. A entidade debe comprobar que o candidato segue cumprindo os requisitos necesarios para participar no proxecto e valorar se a súa incorporación resulta conveniente no estado da obra e servizo. En todo caso, a entidade deberá informar ao alumno – traballador das posibles consecuencias da súa tardía incorporación (imposibilidade de obter o certificado de profesionalidade).

As actuacións a realizar son as seguintes:

- 01.- Limpeza de beirarrúas no núcleo de Rial, Portomouro e Bembibre do Concello de Val do Dubra.
- 02.- Limpeza de marquesiñas e contedores do Concello de Val do Dubra (Coucieiro, Paramos, Rial, Bembibre, Buxán, Erviñou, Arabexo, Niveiro, Portomeiro, Vilariño e San Román).
- 03.- Pintura interior na Escola de Maxais (Val do Dubra).
- 04.- Reparación e pintura Axencia de Lectura de Rial (Val do Dubra).



- 05.- Pintura exterior e fachada Inferior da Casa Consistorial (Val do Dubra).
- 06.- Pintura gradas do campo de fútbol da Telleira (Val do Dubra).
- 07.- Pintura interior escaleiras Casa da Cultura (Val do Dubra).
- 08.- Reparación Patio Cuberto C.P.I. Bembibre mediante substitución de paneis (Val do Dubra).
- 09.- Acondicionamento e limpeza do lavadoiro público de Troitosende (A Baña).
- 10.-Acondicionamento e limpeza do lavadoiro público de Mundris (A Baña).
- 11.- Acondicionamento e limpeza do lavadoiro público de Paredes (A Baña).
- 12.- Acondicionamento e limpeza do lavadoiro público de Vilar da Torre (A Baña).
- 13.-Acondicionamento e limpeza das marquesiñas do Concello da Baña.
- 14.- Limpeza das beirarrúas do Concello da Baña.
- 15.- Pintado de pasos de peóns no casco urbano de Negreira.
- 16.- Pintado interior do I.E.S.P. vello de Negreira.
- 17.- Pintado paredes interiores do piso da Avda. das Brallas (Negreira).
- 18.- Pintado paredes interiores da Casa da Cultura (Negreira).
- 19.- Acondicionamento zona barbacoa no local social de Patrocinio (Negreira).
- 20.- Acondicionamento e pintado vestiarios do Campo de Fútbol de Capelo (Jesus Garcia Calvo) (Negreira).
- 21.- Limpeza en xeral da Rúa Cachurra (Negreira).
- 22.-Limpeza en xeral da Avenida de Santiago (casco urbano de Negreira).
- 23.- Limpeza en xeral da R. Fonte do Carma (casco urbano de Negreira).
- 24.- Limpeza en xeral da Rúa Rosalia de Castro (casco urbano de Negreira).
- 25.-Limpeza en xeral de Rúa Víctor Garcia Farralro (casco urbano de Negreira).
- 26.-Limpeza en xeral da Rúa Corzán (casco urbano de Negreira).
- 27.-Limpeza en xeral da Rua do Tambre (casco urbano de Negreira).
- 28.-Limpeza en xeral na zona do parque do Coto, Rile Castelao (casco urbano de Negreira).
- 29.- Limpeza en xeral da Rúa Carreira de San Mauro (casco urbano de Negreira).
- 30.- Limpeza en xeral da Rúa Camillo vello (casco urbano de Negreira).
- 31.- Limpeza viaria núcleo urbano de Santa Comba: Zona 1.
- 32.- Limpeza viaria núcleo urbano de Santa Comba: Zona 2.
- 33.- Limpeza viaria núcleo urbano de Santa Comba: Zona 3.
- 34.- Limpeza viaria núcleo urbano de Santa Comba: Zona 4.
- 35.- Limpeza e mantemento núcleos rurais Santa Combe: Zona 1 .
- 36.- Limpeza e mantemento núcleos rurais Santa Combe: Zona 2.
- 37.- Limpeza e mantemento núcleos rurais Santa Combe: Zona 3.
- 38.- Limpeza e acondicionamento pavillóns {Traba-Fontenla-CMF) - Santa Comba.
- 39.- Limpeza e mantemento arredores Casa do Pozo - Santa Comba
- 40.- Limpeza e acondicionamento lavadoiro - Montouto - Santa Comba.
- 41.- Limpeza viaria núcleo urbano de Santa Comba: Piscina descuberta Santa Comba.
- 42.-Arranxa e pintado fachadas locais sociais (Freixeiro, Bazar, Arantón, Grixoa, Vliar de Céltigos, Picotos, O Couto, Guldrís e Hospital) Santa Comba.
- 43.- Arranxo e pintado escola infantil municipal - Santa Comba



O obradoiro terá unha duración de **9 meses** e formará a **20 alumnos/as traballadores/as**.

O alumnado traballador/a será contratado, baixo a modalidade de contrato formativo para a formación en alternancia coas particularidades que establece a disposición adicional primeira do Real Decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para o aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, e percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente. Contratarase ao seguinte persoal para o obradoiro de emprego:

- **1 director/a** (xornada completa).
- **1 Mestre/a da especialidade de operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción (EOCB0109)** (xornada completa).
- **1 mestre/a da especialidade de limpeza en espazos abertos e instalacións industriais (SEAG0209)** (xornada completa)
- **1 titor/a** (xornada completa).

En vista da normativa exposta propónse un sistema de selección que se fundamenta nos seguintes procedementos:

1.- COMISIÓN DE SELECCIÓN:

A comisión de selección estará formada por cinco persoas (presidente/a, secretario/a e tres vogais), representantes de cada concello participante no obradoiro. A presidencia da comisión recaerá na persoa que representa á entidade promotora. **Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do obradoiro poderá formar parte da comisión de selección, nin auxiliar á mesma nas tarefas de selección.**

A comisión de selección considerarase validamente constituída coa participación nas sesións de traballo de, cando menos, tres dos seus compoñentes.

As decisións da comisión de selección tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes. A persoa designada como presidente/a, coa finalidade de dirimir os posibles empates nas votacións, disporá de voto de calidade.

Se, por calquera causa, no momento no que teñan lugar as reunións da comisión de selección algún dos seus compoñentes non puidera acudir, será substituído/a pola persoa que para o efecto fose designada como suplente pola entidade promotora.

O presente proxecto terá como **data límite prevista para o seu inicio o 02/12/2024**, segundo se establece na resolución de concesión da subvención de data 19/08/2024.

A comisión de selección estará integrada polas seguintes persoas:

- ✓ Dona Ana Lucía Calviño Canedo, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Val do Dubra, como presidenta e representante do Concello de Val do Dubra, e Dona Jacqueline Pombo Traba, traballadora social, como suplente desta.



- ✓ Dona Sonia Ponte Esturao, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Negreira, en calidade de secretaria e Dona Sonia Nieto López, orientadora laboral do Concello de Negreira, como suplente desta.
- ✓ Dona Cristina Pereira Ulla, técnico de formación e emprego do Concello de Santa Comba, en calidade de vogal e representante do Concello de Santa Comba, e Dona Luz María Vieito Díaz, técnica de recursos humanos do Concello de Santa Comba, como suplente desta.
- ✓ Dona M^a Eugenia Moral Piñeiro, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello da Baña, en calidade de vogal e Dona Manuela Sofia Abelenda Antelo, técnica en tesourería do Concello da Baña, como suplente desta.
- ✓ Dona M^a de los Ángeles Vaquero Boquete, auxiliar administrativa do Concello de Val do Dubra, en calidade de vogal e Dona M^a del Carmen Noya Iglesias, educadora familiar do Concello de Val do Dubra, como suplente desta.

2.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN ALUMNADO-TRABALLADOR/A:

Localidade: Ámbito dos Concellos da Baña, Val do Dubra, Negreira e Santa Comba. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

Idade: Igual ou superior aos 18 anos.

Situación laboral: Persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego; e que teñan solicitado algún dos seguintes servizos: Escolas Taller Programas (320), Casa de Oficio (330), Taller de emprego (340) Outros programas de emprego e formación dual (370) e demandantes de emprego que se atopen na situación administrativa de suspensión 699 “suspensión específica programas experimentais de emprego”, sempre que cumpran os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato de formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación ao previsto no artigo 2 e 5 da Orde do 07 de febreiro de 2024.

Criterios preferentes de selección: A comisión de selección aplicará os criterios preferentes de selección que figuran nos artigos 2, 10, 11 e 12 da Orde do 07 de febreiro de 2024 (DOG núm. 38, do 22 de febreiro de 2024), segundo baremo establecido no Anexo I que se achega.

O número máximo de candidatas/as a preseleccionar será determinado pola comisión de selección, e o máximo será, se é posible, **de 3 por praza**.

No caso dos obradoiros duais de emprego a sondaxe deberá priorizar aos candidatos que non participaran noutro obradoiro dual de emprego ou programa de emprego de garantía xuvenil nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores e, de ser o caso, indicar aqueles candidatos que tivesen participado nestas convocatorias a efectos de realizar o baremo de selección. As persoas candidatas que non participaran nas últimas cinco convocatorias deben obter unha puntuación no baremo empregado pola entidade promotora de, cando menos, un 25% sobre a puntuación desta fase do proceso selectivo.



No caso dos Obradoiros Duais de Emprego a persoa candidata non poderá optar á selección para recibir formación nin no mesmo certificado profesional nin noutro da mesma familia profesional excepto que o certificado a cursar sexa de nivel superior.

A entidade promotora tramitará a correspondente oferta na **Oficina de Emprego de Santiago Norte**, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas pola comisión de selección.

Concluída a sondaxe, será a entidade promotora e os concellos conveniados os que se encarguen de comunicarlle ás persoas preseleccionadas pola oficina de emprego, o lugar, data e hora para a realización da proba escrita, que sempre terá lugar con anterioridade á baremación de méritos.

Así mesmo, tamén se comunicará a cada aspirante a data límite e o lugar para a presentación da documentación acreditativa dos méritos sinalados nas bases da convocatoria.

O alumnado que se seleccione deberá manter o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao proxecto, establecidos no artigo 11 da Orde reguladora do 07 de febreiro de 2024.

A selección definitiva dos/as 20 alumnos/as e a súa distribución por especialidades, de ser o caso, será efectuada pola comisión de selección, que aplicará o baremo que figura como anexo I, por medio do que serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais dos/as candidatos/as remitidos/as pola oficina de emprego e unha proba escrita, que será previa á aplicación dos criterios obxectivos.

Os/as candidatos/as procederán a rexistrar a documentación necesaria **no mesmo día** da realización da proba escrita, unha vez rematada esta, a efectos de baremación, **no concello promotor (Val do Dubra)**. **A documentación a presentar será a seguinte:**

- Orixinal do DNI ou NIE.
- Orixinal do certificado de minusvalía no caso de que acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, xunto cun informe médico que acredite que o aspirante pode realizar as funcións a desenvolver no certificado de profesionalidade ao que opte (**obligatorio**).
- Certificación dos servizos sociais do concello respectivo de ser beneficiario/a do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia (Risga) ou algunha de pertenza a colectivo desfavorecido.
- Xustificar os ingresos percibidos de natureza contributiva ou non contributiva (desemprego, subsidios, RAE...).
- Declaración xurada de ter, ou non, participado anteriormente en: Escolas Taller Programas, Casa de Oficio, Taller de emprego ou outros programas de emprego formación dual.
- No caso de ser vítima de violencia de xénero acreditar dita condición ante a Comisión de Selección a través de calquera das seguintes formas:
 - a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar vixente, testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
 - b) Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero.
 - c) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente en que conste a existencia de ditos indicios.
 - d) Informe actualizado dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local no que se recolla dita condición.



e) Modelo común para a acreditación da situación de violencia de xénero, adoptado en cumprimento do previsto no parágrafo segundo do artigo 23 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral fronte a violencia de xénero.

Toda documentación non presentada no prazo establecido non se terá en conta a efectos de baremación e suporá 0 puntos nese apartado.

A data de referencia que se tomará a efectos de baremo será a do día que fixe a Comisión de Selección.

Unha vez rematada a proba escrita farase pública a puntuación da mesma na Sede electrónica do concello promotor e dos concellos conveniados, así como na páxina web do concello promotor.

As persoas que non presenten a documentación ou que non acudan ás convocatorias das distintas fases do proceso quedarán excluídas.

Unha vez rematado o proceso selectivo, a entidade promotora publicará as puntuacións finais das persoas participantes no procedemento que será a suma dos puntos acadados nas diferentes fases do procedemento realizado. Determinará a orde de prelación, constituíndo a proposta para a súa posterior contratación como alumno/a traballador/a pola entidade promotora. Elaborarase unha listaxe de reserva segundo a orde de puntuación acadada e, de producirse baixas ou renuncias durante o prazo permitido para incorporar novo alumnado, recorrerase a ela, tendo en conta a prioridade da cada concello, segundo o establecido anteriormente.

A relación provisional das puntuacións outorgadas serán expostas nos taboleiros de anuncios da Sede electrónica dos concellos participantes e na páxina web do concello promotor a efectos informativos.

Unha vez elaborada a listaxe de alumnos/as-traballadores/as propostos/as, a entidade promotora remitirá á correspondente Oficina de Emprego o resultado e xunto con esta listaxe achegará a documentación acreditativa de que o alumnado traballador seleccionado cumpre cos requisitos para poder participar no proxecto. Se algún dos alumnos propostos non cumpriran os ditos requisitos, a Oficina de Emprego comunicarllo á entidade promotora para que poida ser substituído/a pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

En caso de producirse unha vacante a entidade promotora poderá propoñer como substituto ao alumno/traballador da listaxe de reserva que obtivera maior puntuación. Con carácter xeral esta substitución só se poderá realizar durante os tres primeiros meses de execución do proxecto.

En todo caso, a entidade debe informar ao alumno/traballador das posibles consecuencias da súa tardía incorporación (por exemplo, a imposibilidade de obter o certificado profesional) e impartir a formación que resulte de obrigado cumprimento xa finalizada, (por exemplo, a formación necesaria en materia de igualdade ou de prevención de riscos laborais).

2.1 BASES XERAIS ALUMNO:

Os alumnos preseleccionados pola Oficina de Emprego que queiran participar no Obradoiro de Emprego deberán presentar na data sinalada na carta de citación, que será a data de realización da proba escrita, a documentación referida no punto 2 das Bases de selección.



2.2 BASES ESPECÍFICAS ALUMNO–TRABALLADOR

A puntuación máxima establecida suma **50 puntos** e divídese da seguinte forma:

- **Proba escrita, puntuación máxima 30 puntos (60%)**
- **Valoración de méritos, puntuación máxima 20 puntos (40%)**

1) PROBA ESCRITA

A proba escrita consistirá nun exame tipo test e algunha pregunta a desenvolver sobre o temario que figura no anexo V.I.

2) VALORACIÓN DE MÉRITOS

Valorarase a documentación achegada polos alumnos-traballadores o día da proba escrita de acordo co seguinte cadro:

BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DOS OBRADOIROS DE EMPREGO (20 puntos)

MULLERES	Mulleres	1 puntos
	Vítimas de violencia de xénero	2 puntos
IDADE	18-44 anos	1 puntos
	45 anos ou máis	2 puntos
DISCAPACIDADE	Grao de discapacidade: = >33%	1 puntos
PROTECCIÓN DE DESEMPREGO	Perceptores de desemprego	1 puntos
	Perceptores de subsidios	1 puntos
	Non perceptores	2 puntos
TEMPO DE DESEMPREGO DENDE O ÚLTIMO TRABALLO	Menos de 0 a 12 meses	1 puntos
	Máis de 12 meses	2 puntos
PERSOAS EMIGRANTES RETORNADAS	Baixa Consular ou outra documentación acreditativa de dita circunstancia.	1 puntos
PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL	Persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia (Risga) ou colectivo desfavorecido	2 puntos
OUTROS	Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI)	2 puntos
	Non ter participado anteriormente en: Escolas Taller Programas, Casa de Oficio, Taller de emprego, Outros programas de emprego e formación dual.	5 puntos



*** O alumnado que se seleccione deberá manter o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao proxecto.**

Salario mensual bruto: 1.323,00€ (incluído o rateo das pagas extras).

A Comisión de Selección establece como criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, por orde de prelación, os seguintes:

- a) Non ter participado nunca nun Programa de emprego, Obradoiro de Emprego.
- b) A menor cualificación profesional.
- c) Maior tempo acreditado como desempregado/a (derradeira inscrición na Oficina de emprego).

O prazo de alegación establecido tras a publicación dos resultados provisionais será de dous días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación na sede electrónica.

3. PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO:

Unha vez ditada a resolución de concesión da subvención para o obradoiro de emprego, a entidade promotora tramitará a correspondente **convocatoria pública para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas.**

O procedemento utilizado consistirá na publicación no BOP das referidas bases onde se detallan os requisitos e o procedemento de selección a seguir. As persoas candidatas poderán estar en situación de desemprego ou de mellora de emprego. Terá preferencia quen en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido se atope en situación de desemprego (artigo 12.5 da Orde de selección).

O prazo para presentar a solicitude será de dez (10) días naturais, dende o día seguinte a súa publicación no BOP.

Para poder formar parte do proceso selectivo os aspirantes deberán presentar, no prazo establecido, os seguintes requisitos xerais:

- Anexo I de solicitude
- DNI
- Permiso de conducir B.
- Titulación académica regrada (especificase en cada posto).

-Estar en posesión do Celga 4, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do prazo de finalización de presentación de instancias. A acreditación da lingua galega realizarase de conformidade coa normativa de aplicación, segundo o Sistema de Certificación da Lingua Galega (Celga) vixente, ou certificacións equivalentes homologadas polo órgano competente en materia de Política Lingüística da Xunta de Galicia. En todo caso, as persoas aspirantes que non acheguen o Celga 4, ou equivalente, ou non acrediten estar en condición de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar



unha proba específica de coñecemento da lingua galega que cualificará á persoa aspirante como apto/a ou non apto/a.

- Documentación acreditativa para a valoración de méritos detalladas nas bases específicas de cada posto.
- Informe médico actualizado onde se detalle que o aspirante reúne as condicións físicas e psíquicas para desenvolver o dito posto.

3.1-PROCESO DE SELECCIÓN PARA O POSTO DE DIRECTOR

REQUISITOS PARA ACCEDER AO POSTO DE DIRECTOR/A

Titulación universitaria (licenciatura/grao).

Experiencia mínima esixida para o posto de dirección de 24 meses como director en centros ocupacionais ou en obradoiros de emprego/escolas taller.

FUNCÍONS:

Encargarse da coordinación xeral do obradoiro de emprego, e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, entidade promotora e empresariado. Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e fará o traballo administrativo.

En xeral estará encargado do bo funcionamento do obradoiro, concretamente de:

1. Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións.
2. Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Promoción de Emprego, Comercio e Emigración e ante os Concellos da Baña, Val do Dubra, Negreira e Santa Comba as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das obras, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria e as tarefas de administración necesarias.
3. Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
4. Supervisar a formación do alumnado-traballador/a e o labor educativo do persoal docente.
5. Facilitar a inserción laboral do alumnado- traballador/a durante o proxecto.
6. Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencia, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.



7. Proponer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado-traballador/a.

8. Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.

9. Levará a cabo a xestión económica e administrativa do programa de emprego.

Será contratado/a a tempo completo.

Salario mensual bruto: 2.639,00 € (incluído o rateo das pagas extras).

PROBA ESCRITA: Puntuación máxima 21 puntos (60%)

Realizarase unha proba escrita sobre o posto e as funcións a desempeñar, tendo en conta o temario publicado no anexo V.2.

VALORACIÓN DO CURRÍCULO; Puntuación máxima 14 puntos. (40%)

- Posgraduado ou mestrado relacionado coas funcións a desenvolver, igual ou superior a 100 horas: 1 punto.
- Titulación universitaria: licenciatura/ grao, 1 punto; diplomatura universitaria, 0,5 punto, relacionada co contido do Obradoiro de Emprego REXENERA 2024.

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,10 puntos por cada mes completo traballado ata un máximo de 6 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,05 puntos por cada mes completo traballado ata un máximo de 3 puntos.

Non se valorará a experiencia profesional mínima esixida no proceso.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas e posteriores ao 01/01/2014 valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso.
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso.



Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos... non será obxecto de puntuación.

De acreditarse dous ou máis cursos da mesma materia só se terá en consideración o de nivel superior.

Soamente se puntuarán os cursos de informática a partir do 01/01/2014 por considerar a comisión de selección que os anteriores estarían completamente desactualizados para as funcións a desenvolver.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

Cursos de linguaxe administrativa nivel superior: 1 puntos.

Cursos de linguaxe administrativa nivel medio: 0,5 puntos

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola proba escrita e o currículo persoal. No caso de empate serán de aplicación os seguintes criterios.

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais son por orden de prelación:

- 1-O maior tempo acreditado como desempleado
- 2-A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- 3-A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.

O prazo de alegación establecido tras a publicación dos resultados provisionais será de dous días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación na sede electrónica.

3.2.PROCESO DE SELECCIÓN PARA OS POSTOS DE MESTRES/AS DE ESPECIALIDADE

Serán contratadas:

- **1 mestre/a de OPERACIÓNS AUXILIARES DE REVESTIMENTOS CONTINUOS EN CONSTRUCCIÓN EOCB0109 a xornada completa.**
- **1 mestre/a de LIMPEZA DE ESPAZOS ABERTOS E INSTALACIÓNS INDUSTRIAIS SEAG0209 a xornada completa.**



REQUISITOS MÍNIMOS:

Os establecidos Real Decreto 644/2011, do 9 de maio, polo que se establecen cinco certificados de profesionalidade da familia profesional edificación e obra civil que se inclúen no repertorio nacional de certificados de profesionalidade e que regulan o certificado de profesionalidade de **Operacións Auxiliares de Revestimentos continuos en construción EOCB0109, no Anexo II.**

Os establecidos no Real Decreto 720/2011, do 20 de maio, polo que se establecen tres certificados de profesionalidade da familia profesional seguridade e medio ambiente que se inclúen no repertorio nacional de certificados de profesionalidade e que regula o certificado de profesionalidade da especialidade de **Limpeza de espazos abertos e instalacións industriais SEAG0209, no Anexo I.**

A experiencia profesional esixida nos certificados de profesionalidade para impartir a docencia acreditarase segundo o disposto **no artigo 168 do Real Decreto 659/2023, de 18 de xullo**, polo que se desenrola a ordenación do sistema de formación profesional, regula a oferta formativa de grado C correspondente aos certificados profesionais.

FUNCIONES:

- Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- Desenvolver, cumprir e impartir o programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas cos contidos.
- Responsabilizarse da aprendizaxe do alumnado-traballador/a, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
- Controlar a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado-traballador/a, notificando á dirección do obradoiro as incidencias que se produzan.
- Responsabilizarse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Cursar a dirección do obradoiro e as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- Contribuír a orientación profesional e laboral do alumnado traballador/a.
- Cada mestre/a na súa especialidade impartirá o módulo de Sensibilización Ambiental respectivo.

Salario mensual bruto: 2.398,41€ (incluído o rateo das pagas extras).

PROBA ESCRITA: Puntuación máxima 21 puntos (60%)

Realízase unha proba escrita sobre o posto e as funcións a desempeñar, tendo en conta o temario publicado no anexo V.2.



VALORACIÓN DO CURRÍCULO; Puntuación máxima 14 puntos. (40%)

Titulación académica relacionada coa que se oferte e máis axeitada ao obradoiro:

- Posgraduado ou mestrado relacionado coas funcións a desenvolver, igual ou superior a 100 horas: 1 punto.
- Titulación universitaria: licenciatura/ grao, 1 punto; diplomatura universitaria, 0,5 punto, relacionada co contido do Obradoiro de Emprego REXENERA 2024.

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,10 puntos por cada mes completo traballado, ata un máximo de 6 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,05 puntos por cada mes completo traballado, ata un máximo de 3 puntos.

Non se valorará a experiencia profesional mínima esixida no proceso.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas e posteriores ao 01/01/2014 valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso.
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso.

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

De acreditarse dous ou máis cursos da mesma materia só se terá en consideración o de nivel superior.

Soamente se puntuarán os cursos de informática a partir do 01/01/2014 por considerar a comisión de selección que os anteriores estarían completamente desactualizados para as funcións a desenvolver.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

Cursos de linguaxe administrativa nivel superior: 1 puntos.

Cursos de linguaxe administrativa nivel medio: 0,5 puntos



Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola proba escrita e o currículo persoal. No caso de empate serán de aplicación os seguintes criterios.

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, son por orden de prelación:

- 1-O maior tempo acreditado como desempleado.
- 2-A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- 3-A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.

O prazo de alegación establecido tras a publicación dos resultados provisionais será de dous días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación na sede electrónica.

3.4 PROCESO DE SELECCIÓN DUN TITOR/A

REQUISITOS MINIMOS:

Título de Licenciado na área de Humanidades ou das Ciencias Sociais e Xurídicas; Título oficial de Graduado ou Graduada ou equivalente na rama de coñecemento de Artes e Humanidades ou das Ciencias Sociais e Xurídicas, ademais de acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia correspondente Licenciado, Graduado ou Graduada en Psicoloxía.

Experiencia profesional mínima 12 meses no posto a desenvolver como Titor.

Deberá acreditar 150 horas de formación en materia de xénero, ou de experiencia profesional ou docente en materia de xénero (150 horas).

FUNCIÓNS:

Realizará labores de tutoría do alumnado e coordinará todas as accións formativas do obradoiro cos/coas docentes. Así mesmo, encargarse da preparación do alumnado traballador que non conte coa titulación, para a obtención do título da ESO. Deberá ter experiencia profesional docente relacionada coa impartición de materias desta titulación académica.

Será contratado/a ao 100% da xornada.

Impartir o contido formativo relacionado cos ámbitos científico, comunicación e social, en coordinación co resto do persoal docente do proxecto.



- Elaborar o material didáctico para entregar ao alumnado, así como solicitar o material e o equipamento necesario para impartir a formación.
- Elaborar a planificación didáctica e metodoloxía a utilizar, así como as probas de avaliación, de ser o caso.
- Avaliación da acción formativa ao longo do desenvolvemento da mesma e detección de non conformidades; ademais da redacción das actas e exames.
- Elaboración e preparación da documentación facilitada pola dirección.
- Seguimento do alumnado e titorías individuais ou grupais co alumnado.
- Impartirá a formación complementaria correspondente ao módulo de igualdade de oportunidades.
- Impartirá a formación complementaria relativa ao módulo transversal de xestión empresarial e o módulo de alfabetización informática.

Salario mensual bruto: 1.948,41€ (incluído o rateo das pagas extras).

PROBA ESCRITA: Puntuación máxima 21 puntos (60%)

Realizarase unha proba escrita sobre o posto e as funcións a desempeñar, tendo en conta o temario publicado no anexo V.2.

VALORACIÓN DO CURRÍCULO; Puntuación máxima 14 puntos. (40%)

-Posgraduado ou mestrado relacionado coas funcións a desenvolver, igual ou superior a 100 horas: 1 punto.

-Titulación universitaria: licenciatura/ grao, 1 punto; diplomatura universitaria, 0,5 punto, relacionada co contido do Obradoiro de Emprego REXENERA 2024.

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,10 puntos por cada mes traballado, ata un máximo de 6 puntos.

- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,05 puntos por cada mes traballado, ata un máximo de 3 puntos.

Non se terá en conta a experiencia profesional mínima esixible como requisito mínimo para o acceso ao proceso.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.



Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas e posteriores ao 01/01/2014 valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso.
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso.

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

De acreditarse dous ou máis cursos da mesma materia só se terá en consideración o de nivel superior.

Soamente se puntuarán os cursos de informática a partir do 01/01/2014 por considerar a comisión de selección que os anteriores estarían completamente desactualizados para as funcións a desenvolver.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

Cursos de linguaxe administrativa nivel superior: 1 puntos.

Cursos de linguaxe administrativa nivel medio: 0,5 puntos

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola proba escrita e o currículo persoal. No caso de empate serán de aplicación os seguintes criterios.

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, son por orden de prelación:

- 1-O maior tempo acreditado como desempleado.
- 2-A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- 3-A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.

O prazo de alegación establecido tras a publicación dos resultados provisionais será de dous días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación na sede electrónica.

4. PUBLICACIONES E/OU NOTIFICACIONES:

A comisión de selección acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas de acordo



sempre co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos taboleiros de anuncios da sede electrónica dos concellos participantes e páxina web do concello promotor, só a efectos informativos, e na Oficina de emprego de Santiago Norte.

5. INCIDENCIAS

A comisión de selección queda facultada para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso de selección e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas, e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

Val do Dubra, 22 de outubro de 2024

A comisión de selección:

Presidenta

Ana Lucía Calviño Canedo
AEDL Concello de Val do Dubra

Secretaria

Sonia Ponte Esturao
AEDL Concello de Negreira

Vogais;

Cristina Pereira Ulla,
Técnica de Formacion Concello Santa Comba

M^a Eugenia Moral Piñeiro
AEDL Concello de A Baña

M^a de los Ángeles Vaquero Boquete
Auxiliar Concello de Val do Dubra.



ANEXO V.- TEMARIO

V.1 TEMARIO SELECCIÓN ALUMNOS

- 1.- Obradoiros de Emprego Duais: Obxecto, finalidade, persoas beneficiarias, duración e entidades promotoras, e actuacións do obradoiro de emprego Rexenera 2024.
- 2.- Certificados de profesionalidade: definición, requisitos de acceso, vías de obtención e niveis.
- 3.- Certificado de profesionalidade en actividades auxiliares e conservación de montes.
- 4.- Certificado de profesionalidade en operacións auxiliares de revestimentos continuos e construción.
- 5.- Coñecemento dos termos municipais dos concellos participantes.

V.2 TEMARIO CADRO DOCENTE PROGRAMA DE EMPREGO REXENERA 2024

1. A Constitución Española de 1978: estrutura e principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais na Constitución Española. Garantía das liberdades e dereitos fundamentais.
2. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
3. Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (formación e aprendizaxe).
4. O Servizo Público de Emprego de Galicia.
5. Os municipios da Baña, Negreira Santa Comba e Val do Dubra. Contexto socioeconómico, servizos e recursos relacionados co emprego, a promoción económica dos concellos sinalados e actuacións a realizar.
6. Os certificados de profesionalidade dos módulos a impartir.
7. As competencias clave.
8. Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
9. Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.
10. Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
11. Módulo de sensibilización ambiental.